



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Hoxe, 25 de novembro, é o Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. A súa conmemoración ten por finalidade sensibilizar á sociedade da gravidade deste problema e facernos reflexionar sobre o mesmo. Nesta día, no Concello da Laracha queremos recordar ás mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas e condenar cada unha desas mortes, manifestando a nosa máis enérxica repulsa a eses feitos e a tolerancia cero cos maltratadores.

Ante a violencia de xénero non podemos nin debemos permanecer impasibles. O noso compromiso contra esta lacra social é firme e permanente, porque erradicala é un reto de obrigado cumprimento no que todos e todas debemos ser partícipes.

Por iso, a Corporación municipal da Laracha apoia o conxunto de cuestións recollidas por consenso xeral das forzas políticas nas leis integrais contra a violencia de xénero, tanto a estatal como a autonómica, que supuxeron importantes avances na prevención, atención, protección e nos recursos públicos dispoñibles para as vítimas. Neste sentido, o Concello da Laracha tamén está integrado na *Rede de Entidades Locais Contra a Violencia de Xénero* impulsada pola Xunta de Galicia e no programa *Concellos Polo Bo Trato* promovido pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

Ao mesmo tempo, reclamamos a todas as institucións que se sigan dando os pasos necesarios para implantar novas medidas dirixidas a mellorar a lexislación e a acabar con este tipo de violencia. Non existen barreiras ideolóxicas nin políticas que poñan freo á loita contra este grave problema social, polo que soamente asumindo unha responsabilidade compartida poderemos loitar para alcanzar este obxectivo común.

Tamén nos comprometemos a manter o noso pleno compromiso municipal, cunha dotación de infraestruturas, medios económicos e humanos suficiente para continuar desenvolvendo políticas de igualdade e ofrecendo atención, apoio e tratamento integral e de proximidade ás vítimas. Un esforzo que entre todos e todas facemos desde hai anos e que levou ao Concello da Laracha a ser galardoado no pasado mes de xaneiro polo Ministerio de Sanidad e a Federación Española de Municipios y Provincias na cuarta edición dos *Premios ás boas prácticas nas entidades locais*.

Unha cidadanía decente debe esixir avanzar cara unha sociedade segura e libre de violencia de xénero que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que a sofren, así como aos seus fillos e fillas. Por iso temos a obriga e o compromiso de educar en igualdade desde a prevención, o respecto e a tolerancia, rexeitando enerxicamente calquera signo de violencia, especialmente a que se exerce contra as mulleres. Cremos firmemente que esas son as principais vías que contribúen á deslaxitimización de condutas que perseguen o sometemento das mulleres, e é por iso que precisamos da implicación do conxunto da poboación, por ser un problema que nos incumbe a todos e a todas. Pedimos á cidadanía larachesa que cada un asuma o seu propio compromiso persoal de loitar contra a violencia de xénero rexeitándoa, denunciando as agresións, apoiando ás vítimas, non permanecendo en silencio, transmitindo ás xeracións futuras o respecto entre homes e mulleres e defendendo unha sociedade xusta e igualitaria

Hoxe os grupos políticos que formamos parte da Corporación municipal firmamos este manifesto en representación da veciñanza para dicir ás vítimas que non estades soas, que o Concello da Laracha está con vós e comprometido coa eliminación da violencia de xénero.

A Laracha, 25 de novembro de 2016

Asdo.: José Ramón Martínez Barbeito

Portavoz do grupo municipal do PP

Asdo.: Xoán Manoel Sande Muñiz

Portavoz do grupo municipal do BNG

Asdo.: Eladio Verdía García

Portavoz do grupo municipal socialista

Asdo.: Antonio Antelo Añón

Portavoz do grupo político municipal mixto